



MARTES, 7 DE NOVEMBRO DE 2023 MARTES, 7 DE NOVIEMBRE DE 2023 | BOP NÚMERO 212

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Aprobación definitiva da modificación da base 24 das de ejecución do orzamento municipal do exercicio 2023, prorrogadas so exercicio 2022.

EDICTO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 28 de setembro de 2023 a modificación da base 24 das de ejecución do orzamento municipal do exercicio 2023, prorrogadas do exercicio 2022, unha vez exposto ao público (BOP núm. 191 de 05/10/2023), e non habendo reclamacións presentadas, faise público o texto definitivo da mesma quedando do seguinte xeito:

"BASE 24º.- CONTRATOS MENORES:

A tramitación de gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ao disposto no artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) adecuaranse ás seguintes normas que se expoñen a continuación.

Requisitos a cumplir nos contratos menores:

1) Limitación cuantitativa dos contratos menores (Artigo 118.3 LCSP). Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000€, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000€, cando se trate de contratos de subministro ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministros centralizados no ámbito estatal.

* Contrato de obras: Valor estimado < 40.000€.

* Contrato de subministros ou servizos: Valor estimado < 15.000€.

Na tramitación dos citados contratos menores, deberá constar, en todo caso, con carácter previo á aprobación do gasto, a emisión do documento contable de retención de crédito (RC) por parte da Intervención municipal, acreditativo da existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio correspondente.

Corresponderá a quien propoña a realización dun contrato menor verificar previamente a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa tramitación, mediante a incorporación do documento contable de retención de créditos polo importe da dita proposta.

2) Fase contable diferenciada de aprobación do gasto (A) por parte do órgano competente, en cada caso.

3) Fase contable de adjudicación do contrato menores (D). O artigo 131.3 da LCSP establece que "Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas establecidas en el artículo 118."

O artigo 65 da LCSP establece que "1. Solo podrán contratar con el sector público las personas naturales o jurídicas, españolas o extranjeras, que tengan plena capacidad de obrar, no estén incursas en alguna prohibición de contratar, y acrediten su solvencia económica y financiera y técnica o profesional o, en los casos en que así lo exija esta Ley, se encuentren debidamente clasificadas."

E o apartado segundo do citado artigo establece que "Los contratistas deberán contar, asimismo, con la habilitación empresarial o profesional que, en su caso, sea exigible para la realización de las prestaciones que constituyan el objeto del contrato."

Deste xeito, de acordo co previsto con anterioridade, a tramitación do expediente dun contrato menor suxeitarase aos seguinte requisitos:

1.- Previamente á realización dun contrato menor, deberase mediante providencia da alcaldía, logo da proposta de gasto do concelleiro da área de Urbanismo, solicitar a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa tramitación.

2.- A Proposta de gasto realizada polo concelleiro da área de Urbanismo , detallada, razoada e valorada na que figurará a denominación e o obxecto do contrato, o seu orzamento, o prazo de execución e as prescripcións técnicas básicas ou características básicas do devandito contrato.

3.- Informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Será suficiente que a súa xustificación documental conste no expediente tramitado de acordo co artigo 118 da LCSP con carácter previo á aprobación do gasto (Informe 1/2018, do 25 de abril, da Xunta Consultiva de Contratación de Galicia, sobre interpretación do apartado 3º do artigo 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos so Sector Público).

4.- A empresa adxudicataria deberá acreditar a súa capacitación e habilitación profesional.

5.- A Mesa de contratación permanente constituída a tales efectos (publicación BOP da Coruña número 142, de 30/07/2019) verificará que a persoa física ou xurídica proposta para a execución do contrato, está ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e non está incursa nas prohibicións de contratar e reúne, polo tanto, as condicións para ser contratista coa Administración Pública.

Nesta comprobación, como se sinala mais arriba tamén entrará a da capacidade da empresa nos termos que establece a lexislación aplicable.

Polo tanto, debe darse cumprimento aos principios e requisitos esixidos pola lei en canto a:

- .- a) competencia do órgano de contratación,
- .- b) capacidade do contratista e habilitación profesional necesaria.
- .- c) determinación do obxecto do contrato.
- .- d) fixación do prezo.

6.- Incorporación da factura correspondente. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba de existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran.

7.- Xustificación de maneira motivada por medio de informe do órgano de contratación da necesidade do contrato e da non alteración do seu obxecto para evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado primeiro do artigo 118 da LCSP. Con esta esixencia, trata de evitarse o preceptuado no artigo 99.2 da LCSP sobre o fraccionamento irregular do obxecto do contrato, cando se refire á “Prohibición de fraccionamiento do contrato” coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

Será suficiente que a súa xustificación documental conste no expediente tramitado de acuerdo co artigo 118 da LCSP con carácter previo á aprobación do gasto (Informe 1/2018, do 25 de abril, da Xunta Consultiva de Contratación de Galicia, sobre interpretación do apartado 3º do artigo 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos so Sector Público).

En base á nova regulación establecida na Disposición Final Primeira do Real Decreto-Lei 3/2020, do 4 de febreiro, xa non é precisa a xustificación de que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro do artigo 118 da LCSP.

8.- Duración dos contratos menores.

A duración máxima dos contratos menores definidos no artigo 118 da LCSP será inferior ou igual ao ano e non poden ser obxecto de prórrroga (artigo 29.8 da LCSP).

9.- Publicación dos contratos menores na forma prevista no artigo 63.4 da LCSP:

“La publicación de la información relativa a los contratos menores deberá realizarse al menos trimestralmente. La información a publicar para este tipo de contratos será, al menos, su objeto, duración, el importe de adjudicación, incluído el Impuesto sobre el Valor Añadido, y la identidad del adjudicatario, ordenándose los contratos por la identidad del adjudicatario.

Quedan exceptuados de la publicación a la que se refiere el párrafo anterior, aquellos contratos cuyo valor estimado fuera inferior a cinco mil euros, siempre que el sistema de pago utilizado por los poderes adjudicadores fuera el de anticipo de caja fija u otro sistema similar para realizar pagos menores.”

10.- Prohibición de contratación verbal, salvo que o contrato, teña, conforme ao sinalado no artigo 120.1, carácter de emergencia (artigo 37 da LCSP).

11.- Limitación establecida para os contratos de servizos (artigo 308.2 da LCSP) que impide usar o contrato de servizos para a contratación de persoal para funcións propias e específicas dos empregados públicos:

“En ningún caso la entidad contratante podrá instrumentar la contratación de personal a través del contrato de servicios, incluidos los que por razón de la cuantía se tramiten como contratos menores. A la extinción de los contratos de servicios, no podrá producirse en ningún caso la consolidación de las personas que hayan realizado los trabajos objeto del contrato como personal de la entidad contratante. A tal fin, los empleados o responsables de la Administración deben abstenerse de realizar actos que impliquen el ejercicio de facultades que, como parte de la relación jurídico laboral, le corresponden a la empresa contratista.”

12.-Terase en consideración o disposto no artigo 31 relativo aos Gastos subvencionables na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións do Estado que establece:

“1. Se consideran gastos subvencionables, a los efectos previstos en esta ley, aquellos que de manera indubitada respondan a la naturaleza de la actividad subvencionada, resulten estrictamente necesarios y se realicen en el plazo establecido por las diferentes bases reguladoras de las subvenciones. Cuando no se haya establecido un plazo concreto, los gastos deberán realizarse antes de que finalice el año natural en que se haya concedido la subvención.

En ningún caso el coste de adquisición de los gastos subvencionables podrá ser superior al valor de mercado.

2. Salvo disposición expresa en contrario en las bases reguladoras de las subvenciones, se considerará gasto realizado el que ha sido efectivamente pagado con anterioridad a la finalización del período de justificación determinado por la normativa reguladora de la subvención.

3. Cuando el importe del gasto subvencionable supere las cuantías establecidas en la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector público para el contrato menor, el beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes proveedores, con carácter previo a la contracción del compromiso para la obra, la prestación del servicio o la entrega del bien, salvo que por sus especiales características no exista en el mercado suficiente número de entidades que los realicen, presten o suministren, o salvo que el gasto se hubiere realizado con anterioridad a la subvención.

La elección entre las ofertas presentadas, que deberán aportarse en la justificación, o, en su caso, en la solicitud de subvención, se realizará conforme a criterios de eficiencia y economía, debiendo justificarse expresamente en una memoria la elección cuando no recaiga en la propuesta económica más ventajosa.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13.- Finalmente, segundo a Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 establece respecto dos expedientes iniciados e contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor de dita lei que os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prorrrogas, pola normativa anterior.

Normas específicas aos contratos menores:

Elimínase a obligatoriedade de solicitar ofertas a tres empresas especializadas no ámbito da contratación menor por razones de operatividade e axilidade administrativa.

A través desta base establecécese o seguinte procedemento específico para a tramitación dos contratos menores, ademais de ter en conta o regulado con anterioridade respecto dos requisitos e das normas comúns a todos os contratos menores:

A) Contratos de obra, cando o importe do valor estimado do contrato sexa inferior a contía de 40.000 € (IVE excluído):

- Nos contratos menores de obras, deberá constar no expediente a Memoria valorada ou proxecto de obra en caso de ser necesario, que deberá ser aprobado polo órgano de contratación ao mesmo tempo que se acorde a contratación da obra, logo dos correspondentes informes técnicos urbanísticos e viabilidade das obras.
- Deberá igualmente, solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión á que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- Acreditación da existencia de crédito, mediante a expedición de documento contable RC asinado polo/a interventor/a municipal.
- Solicitud de oferta a unha empresa especializada, con independencia da súa contía, dentro dos límites da contratación menor.
- Incorporación da certificación de obra (acompañando a acta de recepción) e da factura correspondente, e aprobación destas.

Nos plans de obras dependentes da Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Estado estarase ás normas establecidas por estes.

Non obstante, poderá optarse por calquera dos procedementos e formas de adxudicación posibles previstos na normativa de contratación administrativa.

B) Contratos de servizos e subministros, cando o importe do valor estimado do contrato sexa inferior a de 15.000 € (IVE excluído):

- *Proposta de gasto realizada polo concelleiro da área de Urbanismo, detallada, razoada e valorada na que figurará a denominación e o obxecto do contrato, o seu orzamento, o prazo de duración e as prescricións técnicas básicas ou características básicas do devandito contrato.*

- Acreditación da existencia de crédito, mediante a expedición de documento contable RC asinado polo/a interventor/a municipal.

- Solicitud de oferta a unha empresa especializada, con independencia da súa contía, dentro dos límites da contratación menor.

- Incorporación da/as factura/as correspondente/s e aprobación da/as mesma/as.

- Nos plans de obras dependentes da Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Estado estarase ás normas establecidas por estes”.

Contra a aprobación definitiva, os interesados/as poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir da aprobación definitiva.

Melide, 31 de outubro de 2023

O alcalde

José Manuel Pérez Penas

Documento asinado electronicamente.

2023/8683